



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TRASMIRÁS PARA A ADECUACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA CAPELA DE ESCORNABOIS.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Trasmirás, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.- Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Trasmirás o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Trasmirás, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“adecuación de espazos públicos no contorno da capela de Escornabois”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Trasmirás, ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan





Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño), trata de promover unha actuación consistente na **“adequación de espazos públicos no contorno da capela de Escornabois”**.

Constitúen obxectivos do Plan *hURBE*, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio, e que en síntese, resúmese no seguinte contido:

- Pavimentación no ámbito de actuación mediante adoquíns de pedra de granito silvestre moreno
- Acondicionamento da zona de parque infantil mediante a colocación dun pavimento anticaidas elástico de 40 mm de espesor na zona dos xogos.
- Instalación de alumeado público e mobiliario con elementos dispostos para exercicios biosaludables.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

